

INFORME SATISFACCIÓN CURSOS FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN 2020

NOTA ACLARATORIA:

Seguimos aplicando os **protocolos Covid19** adoptados no ano 2020 para frear a propagación da COVID19, que implican a **restrición no acceso** aos espazos físicos dispoñibles, ofrecendo menos prazas por curso ou mantendo o desdoblamento de accións formativas, para evitar a concentración de persoas nun mesmo lugar.


Estas medidas seguirán no ano 2022.

INFORME AVALIACIÓN DE SATISFACCIÓN DOS ALUMNOS/AS DE CURSOS DA FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN ANO 2021

COMPOSICIÓN Y EDAD DE LOS ALUMNO/AS

Fixéronse **635 cuestionarios**, entre os cursos da Fundación, o que supón un incremento do 19% respecto dos realizados o ano anterior (515), contando cun total de **463 alumnos/as**, un 45% máis que o ano pasado (319).


Nº TEST REALIZADOS POR SEXO 2021



A idade media do alumnado que contestou os cuestionarios é de 41,2 anos para os distintos cursos ofrecidos pola Fundación (os datos se ponderan según o nº de homes e mulleres que hai nos distintos cursos).

Os alumnos homes de máis idade, déronse nos cursos do Ciber cunha media de 46,3 anos, e as mulleres en Cormo-CB con 46,4 anos. Os homes máis novos atopámoslos en Punto Formativo Incorpora con unha media de idade de 34,9 e as mulleres tamén con 33,2 anos.

IDADE MEDIA PONDERADA DO ALUMNADO POR SEXOS E CURSOS FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN 2021




AVALIACIÓN ÍTEMS TOTAIS DOS CURSOS

A avaliación conxunta de todos os cursos da Fundación ofrece os seguintes resultados: case todos os ítems foron valorados de forma positiva por encima do 90% (Satisfeito/a+Moi Satisfeito/a).

Resaltan de todos eles, con máis do 99% “O profesorado dominaba os temas”, “O profesorado expresou interese ofrecéndolle un trato que lle brindou confianza”; con 98% síguelle “O profesorado explicaba con claridade” e “O curso proporcionoulle coñecementos adecuados e actualizados”; e con máis do 97%, “O material e documentación entregada...”

Entre o menos valorado con máis do 9% de (satisfacción Moi Baixa+Baixa) “o número de horas...” xa que se demanda maior duración dos cursos, seguido do 8,8% “O contido do curso é útil para a súa incorporación ao mercado laboral /ou incorporación social” e con 6,5%. “As condicións do local foron as idóneas para a aprendizaxe”, hai que ter en conta que algunhas formacións fanse fora das instalacións da entidade, e que o mantemento dos protocolos Covid obrigan a ter ventás ou portas abertas para que haxa ventilación, tendo que soportar frío no inverno ou correntes de aire.


ÍTEMS FAVORABLES E DESFAVORABLES CURSOS



AVALIACIÓN POR BLOQUES DOS CURSOS

A valoración final de satisfacción Alta+Moi alta supera o 96,5%. Agrupando por bloques as diferentes cuestións, obtemos que o nivel de satisfacción supera nas 4 categorías o 95%, sendo o máis valorado “o trato recibido”. Pola contra o menos valorado, foi “As expectativas”.


AVALIACIÓN POR BLOQUES DOS CURSOS FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN



COMPARATIVA BLOQUES ANOS 2019-2021

A cualificación Favorable inclúe os criterios “moi satisfeito/a+satisfeito/a” e Desfavorable inclúe os criterios “pouco e nada satisfeito/a”, observamos que a evolución obtida nos diferentes bloques dos exercicios 2018 ao 2020, mantense por encima do obxectivo do 90%, e con unha tendencia positiva, para todos os bloques


COMPARATIVA BLOQUES FUNDACIÓN CURSOS 2019-2021



AVALIACIÓN ALUMNADO DA FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN

O alumnado enquisado avaliou á Fundación Érguete de forma positiva, sendo as valoracións positivas entre o 96% e 99% cunha satisfacción alta e moi alta, coas instalacións, a atención recibida así como co grao de satisfacción polos servizos recibidos.


AVALIACIÓN POR BLOQUES DOS CURSOS FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN



PUNTACIÓN XERAL DOS CURSOS FUNDACIÓN

A valoración media global dos cursos da Fundación é de **9,2 sobre 10**. Os cursos máis valorados foron os de Dana, Programa Sísifo, e Ciber, superando a maioría o 9.

VALORACIÓN MEDIA FINAL (Escala 1-10) CURSOS FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN



RESPUESTAS DE LIBRE OPINIÓN

As seguintes gráficas recollen o máis valorado, o que se podería mellorar e outras suxestións do total de cursos 2021. Tendo en conta que cada persoa pode dar varias respostas, pero non todas as persoas responden a esta parte do formulario, o resultado dos 635 cuestionarios cubertos dá o seguinte reparto de cuestións de libre opinión:


- O que máis me gustou: 1581
- O que se podería mellorar: 690
- Suxestións: 1

Os resultados obtidos exprésanse en % e están ponderados en relación aos seus programas e o total da Fundación.

O máis valorado dos cursos

As 1581 opinións distribúense como mostra a gráfica:


Participación Cursos por nº opinións de
"O que máis me gustou"



Todos os programas valoraron as mesmas cuestións e a maiores Sísifo engadiu unha opción nueva.

Destaca como o máis valorado "a paciencia, dedicación e claridade docente" con máis dun 27% e o "trato recibido pola/o docente" con máis dun 24%.

O QUE MÁIS ME GUSTOU CURSOS FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN



O que se podería mellorar dos cursos


As 690 opinións proceden da formación impartida nos seguintes programas:

Participación Cursos por nº opinións de "O que máis me gustou"



Entre os ítems a mellorar, comúns a todos os cursos, atopamos en primeiro lugar “máis horas” cun 25%, seguido de “Máis exercicios/prácticas” 17% e “máis contidos” cun 14%; No programa de Igualdade (Achégate) 7% melloraría o “horario”; en Graduado en ESO un 7% pedía “facer saídas ou excursións” e na formación Itinere (Competencias Clave) “engadir inglés” cun 5,6%.


O QUE SE PODERÍA MELLORAR CURSOS FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN



Suxestións

As 1 opinións proceden da formación impartida nos seguintes programas:

Participación Cursos por nº opinións de "Suxestións"



As suxestións ofrecidas polo alumnado no ano 2021, son minoritarias (tan só 1 dos 635 cuestionarios cubertos). Limítanse ao Programa Sísifo en concreto a "Tratar temas de violencia adolescente"

SUXESTIÓNS CURSOS FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN

